

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

C. García Rodríguez (1977): “O infinitivo en *Antífona da cantiga* de Ramón Cabanillas”, en Facultade de Filloxía: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 171-188.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

O INFINITIVO EN ANTÍFONA DA CANTIGA
DE RAMÓN CABANILLAS

Carme García Rodríguez
Departamento de Filoloxía Galega

INTRODUCCION

1. Na *Antífona da cantiga* (1) de Ramón Cabanillas non achamos nin un soio caso de infinitivo conxugado nin de infinitivo xerundial. Revisamos entón, dun xeito lixeiro e sin pretender esgotar a materia, a *Obra completa* (2) deste autor; infinitivos xerundiáis aparecen doadamente e con frecuencia:

*"A rodar, a rodar... baixo outros ceos
os ventos me levaron", 46;*

"e a frorecer, a frorecer, sinxelo

.....
*a miña vida enche de soave
arrecendo nostáxico", 46;*

*"Ela correndo veredas
a soñar citas segredas,
nostáxica da Traición", 143;*

(1) Para o noso estudo manexamos a primeira edición da obra: CABANILLAS, Ramón, *Antífona da cantiga*, Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo, Editorial Galaxia, Vigo, (Imprenta de Sáez, Madrid, 1951). A segunda e terceira edición levan o título de *Cancioneiro popular galego*, Galaxia, Vigo, 1973 e 1976.

(2) CABANILLAS, Ramón, *Obra completa*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1959.

*“no teu trono de prata encadeirado,
a man a benzoar, asegado,
esquecido das loitas de Castela”, 222;*

*“¡O sol! ¡O sol! ¡Qué ledos! ¡Qué doirados!
¡Está a rir e a bailar! ”, 229;*

*“O Castrove está deitado
na campia de Salnés,
diante do mar arousano
a soñar e frorecer”, 251;*

“A bradar sai do tempo a grea relixiosa”, 258;

*“cravado en terra, a tremer,
ficou o máxico aceiro”, 261;*

*“Dende as fontes do Uska, a voar, a voar,
.....*

vese o aguiá imperante (...)”, 264;

“¡A soñar dinche un bico! ”, 290;

“os beizos a frorir”, 294;

*“(...) Nos craros hourizontes
choutou a luz a rir”, 313;*

*“a cabalgar pasou a vida enteira,
o peito a frorecer, na man a espada”, 325;*

*“Ante as uces, silenzosos,
andan lobos a rondar”, 544;*

*“Como as ondas do mar lonxe das praias,
voan, a ir e vir, meus pensamentos”, 569;*

“e os rapaces, de volta da escola, andan co gando, a repinicar foliadas brincadeiras”, 792;

*“As señoritas aldeáns van e veñen, collidas das mans, a falar, a rebulir como paxaros”
802;*

“unhas mulleres, a chorar e a laiarse, sacan da eirexa un velliño”, 802;

pero non atopamos un soio exemplo de infinitivo con desinencias persoáis.

2. Os infinitivos, dentro de cada apartado do traballo presente, van colocados en orde alfabético.

3. Semellóunos de maior utilidade práctica agrupar os casos de uso de infinitivo que se presentan no noso texto, con arreglo a unha clasificación pragmática, que tivera en conta á vez o carácter verbal e o carácter nominal da forma que estudamos. Sería demasiado artificioso trazar unha nidia liña divisoria entre os usos do infinitivo como expresión dun fenómeno e os usos do infinitivo como expresión dunha sustancia, porque ao cabo se trata da sustancia do fenómeno. Mesmo o uso nominal do infinitivo, dentro da fala ou dentro da lingua—dado que a lingua é unha plasmación da fala nun equilibrio inestábel— é sentido, segundo os casos, con diversos degráus de sustantivación: en “o cantar de pandeiro”, a nominalización é xa plena a nivel de lingua, pois ese **cantar** é sentido dentro do sistema como unha palabra distinta de **cantar** como ‘entoar unha canción’. “Ó estrelecer” preséntanos un caso de sustantivación menos consolidada. Así, non tivemos reparo en incluír nos nosos apartados certos exemplos análogos de usos do infinitivo, ben adoptando o punto de vista da súa función nominal, ben adoptando o punto de vista da súa función verbal, segundo as conveniencias inmediatas da exemplificación. “Ó ir e vir das ágoas inqueda”, presenta dous infinitivos sustantivados polo artigo; pero moi ben pode ser considerado como un complemento circunstancial referido ao verbo **loita**, segundo se pode ver no texto correspondente (p.10). “Ó percorrer da vida”, pola contra, figura no noso censo como complemento circunstancial do verbo **acompañan** (p.52); pero ben se ve que non deixa de ser un caso de infinitivo sustantivado polo artigo.

4. Cando ao clasificar os infinitivos incluímos algún dentro do que chamamos perífrases verbais, non ignoramos que é moitas veces custión de escola distinguir entre tales perífrases e as combinacións formalmente análogas de verbos en forma persoal complementados por infinitivos que son núcleos de oracións subordinadas. A maior ou menor gramaticalización dos sintagmas, segundo a nosa conciencia da fala, ten decidido en cada caso a solución, que, por suposto, pode ser discutida. Como orientación xeral temos seguido o criterio de analizar separadamente os verbos da frase sempre que o carácter de auxiliar do construído en forma persoal non apareza tan nidio que resulte

imposíbel ou violento esnaquizar a acción descompondo a unidade semántica. Cando optamos por interpretar o sintagma como perífrase, incluímoslo entre os exemplos correspondentes, sin elencar o infinitivo tamén, no seu caso, segundo a súa función complementaria dun verbo principal.

5. Mantemos a ortografía da edición utilizada para o noso traballo. Cando omitimos un anaco do testo, indicámolo encerrando puntos suspensivos entre parénteses.

O infinitivo en Antífona da cantiga

O infinitivo como sustantivo verbal masculino aparece con frecuencia na Antífona da cantiga. A sustantivación pode estar realizada mediante:

a) o artigo:

“Empreso total—as Xulietas coidan escoitar o reiseñor da noite cando canta a laberca do **amañecer**”, 23.

“¿Non deixaría ecoando nas arcadas e crucerías (...) a gargallada balbordante d—un **cantar** namorandeiro en gabanza da fermosa muiñeira de Toxos—outos? ”, 13.

“É moi do agrado da moza a escuridade no **cantar**”, 29.

“De luns a domingo (...) salta un **cantar** de labra polida pol—o señoritismo do agro”, 42.

“A Estoria daría señales certas da súa influencia no **cantar**”, 52.

“En triadas está desenrolado o **cantar** de pandeiro”, 63.

“Da meirande e nobre aboenza e sin dúbida os primeiros no **correr** dos tempos, (...), Galicia ten dous cánticos”, 65.

“Eses dous verbos do segundo oitosílabo, tan requintados e alleos ó **decir** aldeán, atopámoslos en marixade (3) nas informacións de fidalguía”, 42.

“Alí están nidias e latexantes e con elas as lembranzas dos primeiros xogos, (...), as máis fondas emocións dos días dourados da mocidade, o **despertar** trunfal dos amores”, 52.

(3) Sin dúbida erro por *maridaxe*.

“Gardo viva a lembranza d—un empardecer de outono”, 55.

“A voz tembrorosa das emocións (...), o traslevo dos eucarísticos arroubos, nimban de gloria estes cantares de arrolo nos que se escoitan (...) o runxe—runxe dos pinales ó vento maino do estrelecer”, 53.

“O arriscado mariñeiro que, ó ir e vir das ágoas inqueda, loita co—a morte”, 10.

“O ridente e falangueiro segrel (...) que percorría pazos e torres empoleiradas (...) nun ir e vir de ruada co—a cítola ás costas”, 13.

“Ó par, no ir e vir dos días, surde tamén a copla enrabiada”, 31.

“A montaña semeada de penedás (...) dou ó gallego o ollar sereo fitador de misterios”, 67.

“E cai de seu o pescudar”, 14.

“Ninguén, seia a que seia a forza asoballante en que se encoste e o poder de que dispoña, conquerrá trocar a espiritualidade d—un pobo”, 76.

“O mozo baixote de corpo é tido en pouco, e o ser pequeno é unha chata”, 41.

“A nai (...) e o neno (...) son n—ese intre unha soia cousa, un soio ser”, 54.

“O arriscado mariñeiro que, ó ir e vir das ágoas inqueda loita co—a morte”, 10.

“O ridente e falangueiro segrel (...) que percorría pazos e torres empoleiradas (...) nun ir e vir de ruada co—a cítola ás costas”, 13.

“Ó par, no ir e vir dos días, surde tamén a copla enrabiada”, 31.

O artigo pode ir seguido do posesivo:

“O gallego está xunguido á súa Terra como a alma ó corpo, de por vida, e os seus soños (...), o seu correr mundo, non é nomadismo”, 67.

“No seu decir, helenos foron os que os deixaron revoando nos praias e nos clans céltigos”, 11.

“Labareado de íntimo fogo, atopa en verbas de Homero e de Herodoto rastro e fonte do seu parecer”, 74.

“O Xenio proteutor da Raza (...) vive de cotío esperto e vixiante, rebatindo e rexeitando xiros e modismos d—unha sintaxis allea (...) que non se adoita ó seu sentir”, 75.

“Cando o pobo recolle unha copla de pruma erudita, trastócalle as verbas que non se axustan ó seu xenio e engádelle os xiros (...) que responden cabalmente ó seu sentir”, 75.

b) o demostrativo:

“¿Qué non teremos de laiar nos nosos días perante d—este **bater** enxordador (...)?” , 75.

“Queixa da veledade, contraposta á firmeza, está fortemente asentada n—este **cantar**”, 28.

“Póñase a par da rima de Bartrina (...) este **cantar**”, 51.

“Jacarandaina que ten de ser o chiquirindaina d—este **cantar**”, 56.

“N—ese **cantar** de ruada locen a súa fermosura estes típicos tercetos”, 63.

“¿Qué non teremos de laiar nos nosos días perante (...) d—este **mallar** nas orellas (...)?” , 75.

“Son d—este **parecer** o Padre Sarmiento (...), Vesteiro Torres”, 15.

c) un calificativo (4):

“Os petrucios falangueiros (...) e as aboas respetosas (...) verten nos seus cantares (...) toda a esperencia aldeán, dando atinadas guías de bon **parecer**”, 48.

Atopamos tamén infinitivos funcionando como sustantivos sin necesidade de ningún elemento presentador:

“Sí; eso é o alalá: **cantar** que non acaba nunca”, 74.

“Non para un día na casa: (...) a falar c—o compadre ou tomar **parecer** de escribano”, 46.

“Vivir é **relembrar**”, 51.

Os infinitivos sustantivados poden, naturalmente, admitir o morfema do plural:

“Outro romance vello (...) remata c—unha frase que se escoita máis d—unha vez (...) nos nosos **cantares** de namoro”, 17.

“O desvío, o desdén (...) aniñan n—estes **cantares**”, 26.

“Pedreiros e teceláns, zoqueiros e homes da fragua, pasan ó longo dos **cantares** como branco da crítica”, 32.

“O noso escrarecido beneditino revóltase e rexeita tal **acusamento**, e co—ese gallo, na graciosa contesta inxire estes dous **cantares**”, 39.

“Recollen os **cantares** con sotileza os riscos e trazos da vida”, 39.

(4) Por suposto, este calificativo ten que concordar co infinitivo sustantivado en número. Máis adiante veremos exemplos desta concordancia en plural.

“Os petrucios falangueiros (...) e as aboas respetosas (...) verten nos seus **cantares** (...) toda a esperencia aldeán”, 48.

“O máis cimeiro degráu do amor que aniña na súa alma, alcánzao a muller galega nos **cantares** en que fala co—a nai”, 53.

“A voz tembrorosa das emocións (...), o traslevo dos eucarísticos arroubos, nimban de gloria estes **cantares** de arrolo”, 53.

“Dá a esquecemento os **cantares** forxados fora do seu cercho anímico”, 75.

“Na ardentía renacente das centurias XIII e XIV os nosos troveiros xa atoparon unha língoa doada para (...) enxoiar con gaios **decires** os máis doces e requintados sentimentos do íntimo”, 13.

“Laia o esquecemento d—unha edición que espalle seus lindos **decires**”, 14.

“Dar unha mostra das variacións, (...), das canles por onde levan seus intenzoados **decires**, sería o conto de nunca acabar”, 28.

“É esto porque o pobo somentes acolle con ledicia as que chegan ó seu corazón pol—os craros e limpos vieiros do sentimento cando os **decires** acertan a refrexar luces da alma”, 76.

“De bulra donairoza hai feixes e feixes e para todol—os **pareceres**”, 29.

“Os que queiran profundar na sicoloxía das xentes do agro terán de pór man a unha laboura de escolleita das cantigas que deliñan costumes, **pareceres**, traballos e comportamentos”, 31.

“No que toca ó casamento hainas para todol—os **pareceres**”, 38.

“Os máis fondos **sentires** díos un salaio levián”, 23.

Outro carácter sustantivo do infinitivo é o admitir preposicións como calquera sustantivo para funcionar como complemento rexido por un nome (sustantivo ou adxetivo):

“Dar unha mostra das variacións (...) sería o conto de nunca **acabar**”, 28.

“Emporeso todal—as Xulietas coidan escoitar o reiseñor da noite cando canta a laberca do **amañecer**”, 23.

“Leva por compañeira a copla de **andar** camiño”, 46.

“Hai longas ringleiras de cantigas de **andar** camiño”, 47.

“As súas coplas borbollan na mesma limpa fontela que as de saudade e as de **andar** camiño”, 74.

“Mais, a vella non é boa de asoar”, 46.

“Boa falla nos fai que un namorado da Terra se poña ó traballo de **axeitar** un Cancionero do Mar”, 35.

“¿Non deixaría ecoando nas arcadas e crucerías (...) a gargallada balbordante d—un **cantar**”, 13.

“Enfiaremos uns retallos e retrincos pequeneiros (...) que fan ó caso de **conecer** por onde o pobo leva estimas e desamores”, 31.

“Gardo viva a lembranza d—un **empardecer** de outono”, 55.

“O xardín ten ás moreas erbiñas arrecendentes, ramallos (...) e rosas (...) para faguer mollos e ramilletes a **escoller**”, 21.

“A voz tembrorosa das emocións (...), o traslevo dos eucarísticos arroubos, nimban de gloria estes cantares de arrollo nos que se escoitan (...) o runxe—runxe dos pinales ó vento maino do **estrelecer**”, 53.

“O emprego do castelán na cantiga (...) ten unha chisca de retranca endereitada ó mozo que (...) se fai sospeitoso de non **gardar** fondo e leial cariño ó recuncho”, 42.

“Atopa en verbas de Homero e de Herodoto rastro e fonte do seu **parecer**”, 74.

“O gallego, como condensou nos refráns toda a súa esperencia de vida e a súa maneira de **pensar**, valeirou na copla o seu fondo e recóndito sentimento”, 20.

“Un gran poeta gallego, ben merecente de **ser** máis conecido”, 71.

Cando un infinitivo vai acompañado de pronomes complementarios átonos, éstos poden ir enclípticos ou proclípticos a aquél. Atopamos abundantes exemplos de enclise:

“As rías da Galicia non serían outra cousa que vales e terras chás cubertos en boa parte pol—o mar de Atlante ó **adentrarse** antre valgadas”, 72.

“O Gran Corso (...) dixo que o recendo dos eidos paternos era abondo para **adiviñalos** inda tendo os ollos pechados”, 10.

“É de ter en aprecio que (...) ó **alongarse** pol—as valgadas das serras (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións firentes”, 19.

“Loís Amado Carballo (...) deixouunos, ó **alonxarse** pol—os vieiros do alén, un fermoso canto”, 48.

“El sabe que o Coco nunca aparece, que anda rondando mais nunca chega, xa que alí está súa naiña para **arredalo**”, 54.

“Bota man de Eurípides para testimoñar que ese són (...) erguíase en coros sagros (...) para adormecer as vítimas e **arredarilles** o dor”, 74.

“Mais a copla tendo que **axustarse** ós recortes e crebaduras da liña musical, non conta por moito na alborada”, 66.

“O xastre non hai por onde **collelo**”, 37.

“Pol—o seu locido cortexo de aloumiños e donaires, levan a palma as que poden **chamarse** de namoro”, 23.

“No que toca ós cregos (...) ós cantadores aprácelles **chiscarlle** o ollo”, 35.

“E un choio tan estricado esto do casamento, que hai que botar man dos santos para **darlle** remate con acerto”, 39.

“Mais as coplas, ó tentar **encaixalas**, voaban como volvoretas”, 20.

“Aproveitaron as lousas máis doadas e os pelouros máis brillantes para **encaixalos** en mandas e testamentos” 12.

“A emoción do cantor, (...), tende a **enchelo** de beleza e de sentimento”, 70.

“Deixaríamos de ser gallegos, xa que, ó **enterrala**, afundiríase no mesmo sartego a nosa personalidade racial”, 76.

“Ese són (...) fai descer ós poboadores do Olimpo para **escoitalo**”, 74.

“Como en ningún outro, n—este canto fundamentalmente lírico e relixioso a emoción do cantor, por goce do íntimo e por **espertalo** nos que o escoitan, tende a enchelo de beleza”, 70.

“Estas triadas, por **impólo** o aire musical, trócanse en cuartetos”, 63.

“**Lembralo é vivilo**”, 52.

“Para **levalo** a Soutomaior sacárono d—ela pol—a barba”, 18.

“É de ter en aprecio que (...) ó **misturarse** nos pendellos das feiras (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións firentes”, 19.

“Con todo, esa laboura de rebusca e buceo teremos de **poñela** en encomenda dos que (...) as leven ó forno depurador”, 17.

“Os cantos de Nadal sería mester **recollelos** máis por longo”, 61.

“Para reter a atención do que escoita e **sorprisalo** c—o dito que as remata, hainas que comezan con dous versos”, 29.

“Si deixásemos morrer a copla —nin en soñación hai que **temelo**—, esgotaríase a máis nidia, abundosa e **crisafía** fonte da fala”, 76.

“No que toca ós cregos (...) ós cantadores aprácelles (...) **tirarlles** pedriñas por xoldra e divertimento”, 35.

“O cantor nunca alcanza a decir, tendo que **vencellarse** a verbas e soídos, todo o que relembra”, 74.

Só atopamos dous exemplos de proclise dos pronomes con relación ao infinitivo:

“Tras das nubes ourilocentes do solpor érguese a cibdade encantada que nos ten de **acoller** en acougo derradeiro”, 70.

“;Hante **prender** pol—a barba! ”, 18.

O infinitivo como subordinado pode funcionar como suxeito, predicado nominal, complemento dereito e complemento circunstancial. Este infinitivo pode ser persoal, con suxeito propio, ou impersoal, sin un suxeito determinado.

Como suxeito dunha oración atopámolo sempre en forma impersoal:

“Somentes de ollos pechados é doado **alcanzar** toda a subrimidade d—esa visión de lonxanía”, 68.

“No que toca ós cregos (...) ós cantadores aprácelles **chiscarlle** o ollo”, 35 (5).

“**Dar** unha mostra das variacións (...) sería o conto de nunca acabar”, 28.

“Para chegar ás raíces d—este lirismo popular (...) abonda **faguer** conta dos ‘cantos bárbaros’ ”, 14.

“Pol—o atrevimento que suporía non **gardar** respecto á tradicional folla de figueira venusina”, 20.

“**Lembralo** é vivilo”, 52.

“Os cantos de Nadal sería mester **recollelos** máis por longo”, 61.

(5) *Chiscar* pode ser enfocado semánticamente como un infinitivo impersoal (a acción de *chiscar*, o feito de *chiscar*, quen quera que sexa o que *chisque*); mais tamén cabe referir a acción aos cantadores, que formalmente adoitan a construción dun complemento indireito do verbo principal *aprace*, pero que no caso presente son os únicos candidatos á realización efectiva da acción de *chiscar*. Cabanillas houbera podido utilizar a terceira persoa de plural do infinitivo flexionado: *aprace* aos cantadores *chiscaren* o ollo. Endebén, como non usa nunca o infinitivo conxugado, non é posíbel decidir con exactitude se neste caso enfocou a acción do infinitivo como persoal ou impersoal. Cf. THEODORO HENRIQUE MAURER JÚNIOR, *O infinitivo flexionado português (estudo histórico—descritivo)*, Editora da Universidade de Sao Paulo, Rio de Janeiro, 1968.

“Do castelán ó gallego ou do gallego ó castelán, pois non é craramente facedeiro **sentar** prioridades, teñen pasado ducias de cantigas”, 56.

“No que toca ós cregos (...) ós cantadores aprácelles (...) **tirarlles** pedriñas por xoldra”, 35 (6).

“Non é do caso **traier** a estas páxinas”, 20.

“**Vivir** é lembrar”, 51.

É tamén impersoal o infinitivo que aparece funcionando como predicado nominal:

“**Vivir** é lembrar”, 51.

“**Lembralo** é **vivilo**”, 52.

Como complemento dereito:

a) Impersoal:

“O desvío, o desdén mollado en agrura, (...), aniñan n—estes cantares que deixan **adiviñar** degaros insatisfeitos”, 26.

“Mais as coplas, ó tentar **encaixalas**, voaban como volvoretas”, 20.

“Cando a coita deixa **oucir** a súa voz, a copla, (...), amostra o laño nio que tembran pingotas roxas”, 25.

“Hai, asemade, verbas chocarreiras que pol—a súa semellanza fan **pensar** n—un acoplamento de un ó outro idioma”, 56.

“Débese tamén **ter** conta d—unha modalidade d—estas cantigas retortas e con rabo”, 29.

b) Persoal:

“Ninguén (...) **conquerirá** (...) **afogar** a súa fala”, 76.

“Inda mozo (...) **ouvín** **herrar** a unha velliña”, 18.

“De lonxe ven sin dúbida, anque non conozamos o roteiro, si non abrochou nos nosos eidos como creazón xenial da raza ó ver **caír** o sol no mar de Atlante”, 74.

“N-un relato da valfa dos homes o viudo queda por baixo do casado, anque queremos **crer** que están trastocados os oitosílabos segundo e terceiro d—esta cantiga”, 44.

(6) Véxase nota 5.

“O mestre Inzenga(...) publicou un fermoso artigo doéndose de que o camiño de ferro puxese en perigo de morte as tranquiás costumes da nosa Terra (...) e afogase por remate, os elementos poéticos (...) faguendo **decaír a enxebreza dos sons**”, 75.

“As cencias (...) alcontrarán n—ela feixes de datos e non pouco que **deprender**”, 20.

“Ese són (...) fai **descer** ós poboadores do Olimpo”, 74.

“Por dita e fortuna, a fala, atrancando portas e xanelas, non deixará **entrar** nos fogares esa poeira pezoñenta”, 75.

“Emporeso total—as Xulietas coidan **escoitar** o reiseñor da noite cando canta a laberca do amañecer”, 23.

“Ela está moi satisfeita do seu oficio que lle consinte **faguer** vida de señorita”, 36.

“Si deixásemos **morror** a copla (...) esgotaríase a máis nidia, abondosa e cristaiña fonte da fala”, 76.

“Ela está moi satisfeita do seu oficio que lle consinte (...) **navegar** a velas empandeiradas”, 36.

“Esa hora de enlevo e arroubamento, na que a natureza transida sinte **pasar** un vento de eternidade, é a hora do noso canto sagro”, 70.

“Os que queiran **profundar** na sicoloxía das xentes do agro terán de pór man a unha laboura de escolleita das cantigas”, 31.

“Os ministros embargadores e os cobradores de impostos (...) tamén levan abondo que **rañar**”, 43.

“Vemos **rebulir** os tipos representativos da raza”, 20.

“Inda de morta non a deixan **repousar** na paz do alén”, 45.

“Este traballíño non é un estúdeo (...) sinón somentes un endebre chamamento ós entendidos (...) que saben **ter** en conta a par da calidade do viño a beleza da cunca en que se **bebe**”, 28.

“Ninguén, (...), conquerrá **trocar** a espiritualidade d—un pobo”, 76.

“Un capitel derrubado, un sartego valeiro (...) resucítano e soérgueno (...) deixándonos **ver limpo** e nu o que estaba ensilveirado”, 51.

Complemento circunstancial:

a) Impersoal:

“O Gran Corso, (...) , dixo que o recendo dos eidos paternos era abondo para **adiviñalos** inda tendo os ollos pechados”, 10.

“Menéndez Pelayo (...) roboróunos (...) que para (...) **asentar** en firmes cimentos a crenza no seu orixe céltigo abonda faguer conta dos ‘cantos bárbaros’ ”, 14.

“O xastre non hai por onde **collelo**”, 37.

“Para **chegar** ás raíces d—este lirismo popular (...) abonda faguer conta dos ‘cantos bárbaros’ ”, 14.

“É un choio tan estricado esto do casamento, que hai que botar man dos santos para **darlle remate con acerto**”, 39.

“Ese són (...) fai descer ós poboadores do Olimpo para **escoitalo**”, 74.

“Están tan finamente brosladas (...) que reločen como xoias, sin **esquecer** as adroleiras e picarescas”, 20.

“As raiolas da luz meridián son firentes como aceiros de loita, ó **estrelecer** teñen a lezne moleza do colo materno”, 66.

“O xardín ten ás moreas erbiñas arrecendentes (...) para **faguer mollos**”, 21.

“Non hai regra certa pra **fixar** (...) do gusto no tocante á fermosura persoal”, 40.

“As imaxes dos recunchos amados (...) acompañánnos ó **percorrer** da vida”, 52.

“Non hai regra certa pra (...) **xuzgar** do gusto no tocante á fermosura persoal”, 40.

b) Persoal:

“As rías da Galicia non serían outra cousa que vales e terras chás cubertos en boa parte pol—o mar de Atlante ó **adentrarse** antre valgadas”, 72.

“Ese són de dozura (...) erguíase en corós sagros arredor das aras e piras dos sacrificios para **adormecer** as vítimas”, 74.

“É de ter en aprecio que (...) ó **alongarse** pol—as valgadas das serras (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións”, 19.

“Loís Amado Carballo (...) deixóunos, ó **alonxarse** pol—os vieiros do alén, un fermoso canto”, 48.

“A cotío aparece trezada para (...) **amostrar** o acedume d—unha mágoa”, 15.

“Os ermitaños do monte da Escusa enchían nas fontifias (...) os seus cantariños barrentos para **apagar** nas longas noites de oración a sede corporal dos diviños ardores”, 69.

“El sabe que o Coco nunca aparece, que anda rondando mais nunca chega, xa que alí está súa naiciña para **arredalo**”, 54.

“Ese són de dozura (...) erguíase en coros sagros arredor das aras e piras dos sacrificios para (...) **arredarlles** o dor”, 74.

“Todo lle ven axustado para (...) **atravesar** pinales”, 46.

“Todo lle ven axustado para (...) **baixar** corredeiras”, 46.

“Vai ós santuarios (...) unha metade cumprindo ofertas de horas de doenza (...) e outra por **botar** un día de espelimento e gamberna”, 31.

“Non para un día na casa: (...) ó santuario de lonxe, canto máis lonxe mellor, (...) a **botar** unha bailada”, 46.

“Todo lle ven axustado para (...) **botar** unha copa de cañufla”, 46.

“Todo lle ven axustado para (...) **coller** atallos”, 46.

“Non para un día na casa: (...) ó santuario de lonxe, canto máis lonxe mellor, a **cumprir** unha oferta”, 46.

“Os nosos troveiros xa atoparon unha língoa doada para **dar** corpo belido (...) os máis doces e requintados sentimentos”, 13.

“A cotío aparece trezada para **dar** a conecer un sentimento prácido”, 15.

“Un gran poeta gallego (...) apunta certeiraemente que entre os feitos esceucionaes que se trabaron pra **dar** nacimiento ós edénicos reeunchos das nosas rías entran os plegamentos e fruncidos”, 71.

“Atendendo á letra (...) ó **descer** apoucada a enxebre triada bárdica (...) todo parece dar por bo que a copla emerxeu milagreiramente”, 11.

“É de ter en aprecio que (...) ó (...) **descer** ós vales (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións”, 19.

“Aproveitaron as lousas máis doadas e os pelouros máis brilantes para **encaixalos** en mandas e testamentos”, 12.

“Como en ningún outro, n—este canto fundamento lírico e relixioso a emoción do cantor, por goce do íntimo e por espertalo nos que o escoitan, tende a **enchelo** de beleza”, 70.

“E deixaríamos de ser gallegos, xa que, ó **enterrala**, afundiríase no mesmo sartego a nosa persoalidade racial”, 76.

“¿Non andarán rolando pol—as rúas composteláns as que ceibaban (...) as garridas cantareiras (...) ó **entrar** a punta de pandeiro (...) na maxestosa praza da Quintana (...)?””, 15.

“Os nosos troveiros xa atoparon unha língoa doada para (...) **enxoiar** con gaios decires os máis doces e requintados sentimentos”, 13.

“Na alborada o sol brinca e ri como un meniño ó **espertar** d—un sono poboado de visións anxélicas”, 65.

“Como en ningún outro, n—este canto fundamentalmente lírico e relixioso a emoción do cantor, por goce do íntimo e por **espertalo** nos que o escoitan, tende a enchelo de beleza”, 70.

“Como estribillo das cantigas e moitas veces en cantos de pandeirada, andan de bureo e gustando de **facer deligras** as triadas bárdicas”, 62.

“Non para un día na casa: (...) á vila (...) a **falar c—o compadre**”, 46.

“Non para un día na casa: (...) ó monte a (...) **gadañar** unhas silveiras”, 46.

“Estas triadas, por **impolo** o aire musical, trócanse en cuartetos”, 63.

“Unha tradición copta di que a pranta do bálsamo abrochou ó **lavar** a Santa Virxe os pañales do Diviño Neno nas ágoas”, 20.

“Xentes de armas (...) puxeron lume á casa (...) e para **levalo** a Soutomaior sacárono d—ela pol—a barba”, 18.

“Non para un día na casa: (...) á vila a **mercar** un pano para a rapaza”, 46.

“Rosalía (...) mira para o ceo por non **mirar** para a terra”, 67.

“Ó **misturarse** nos pendellos das feiras (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións”, 19.

“Ó **pasar** das campas da montaña (...) ás (...) praias das rías (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións”, 19.

“As coplas (...) deixan nos ares, ó **pasar** camiño do alén, lenes ronseles de anceios”, 49.

“Todo lle ven axustado para (...) **pousar** na primeira taberna que atopa para **prender** un xaruto”, 46.

“Escóitase n—ela o mandado diviño que nos chama a **profundar** en que levamos a Morte por compañeira”, 70.

“É esto porque o pobo somentes acolle con ledicia as que chegan ó seu corazón (...) cando os decires acertan a **refrexar** luces da alma”, 76.

“Ó gran tipo sevillano faguíalle falla unha somana para **rematar** un conqwerimento amoroso”, 40.

“Para **reter** a atención do que escoita (...) hainas que comezan con dous versos”, 29.

“Non para un día na casa: (...) ó monte a **rozar** un carro de toxo”, 46.

“Todo lle ven axustado para **rubir** costas, (...), **saltar** valados”, 46.

“¿Quién escoitará sin sentir o aletexo da emoción estas cantigas roscidas pol—as bágoas (...)?” , 55.

“Ó ser abandoada a forma paralelística (...) todo parece dar por bo que a copla emerxeu milagreiramente”, 11.

“Bota man de Eurípides para testimoñar que ese són (...) erguíase en coros sagros arredor das aras”, 74.

“Non para un día na casa: (...) a (...) tomar parecer de escribano”, 46.

“¿Qué non teremos de laiar nos nosos días perante d—este bater enxordador (...), sin tomar folgo, do cine (...)?” , 75.

“Enruga os beiciños de rosa e agacha a cariña contra o peito morno como si tivera medo, para tornar axiña a patelexar”, 54.

“Os mesmos casteláns (...) botaban man do gallego para trenzar as cantigas de escarnio”, 13.

“Non para un día na casa: á feira c—o gando, para vender, (...), ou tan soio para ver como anda o mundo”, 46.

“Rosalía pechou os ollos para ver”, 68.

“De lonxe ven, sin dúbida, anque non conozamos o roteiro, si non abrochou nos nosos eidos como creazón xenial da raza ó ver caer o sol no mar de Atlante”, 74.

Para rematar, vexamos agora o uso do infinitivo en perífrases verbáis.

“Tras das nubes ourilocentes do solpor érguese a cibdade encantada que nos ten de acoller en acougo derradeiro”, 70.

“Amo as vellas revistas barbullantes de entusiasmo xeneroso dos días de resurdimento da nosa Terra (...), cando unha falanxe de homes sabidores e animosos (...) escomenzaron a afondar na estoria e na alma de Galicia”, 73.

“Mais a copla tendo que axustarse ós recortes e crebaduras da liña musical, non conta por moito na alborada”, 66.

“É un choio tan estricado esto do casamento, que hai que botar man dos santos para darlle remate con acerto”, 39.

“Atopa n—esas ensoñacións e n—eses amores o agoamel que ten de calmar as súas sedes”, 67.

“Non é de cavilar que ficaran silandeiros cando éste (...) recolléu (...) as cantigas de amigo”, 14.

“Deixando a un lado as de regueifa —que non é de cavilar (...)— un bo quión das que veñen de antigo (...) naceron nos xuntoiros”, 16.

“Engaiolador e picante (...) métese no rueiro da señoritada campesía e comenza a ceibar (...) copliñas comprimenteiras”, 59.

“A cotfo aparece trezada para dar a **conecer** un sentimento prácido”, 15.

“Os que anos atrás escomenzaron a decrúa do ermo do noso folklore (...) deron a **conecer** crasificaciós”, 20.

“Pol—o seu locido cortexo de alumiños e donaires, levan a palma as que poden **chamarse** de namoro”, 23.

“Todo parece dar por bo que a copla emerxeu milagreiramente cando a nosa fala rompéu a tatear”, 11.

“Mauricio Barrès pudo **decir** de ela (...) que é “une goutte de miel qui deborde du coeur”, 20.

“O que foi non se pode **decir** que pasóu”, 51.

“Eso é o alalá: cantar que non acaba nunca porque o cantor nunca alcanza a **decir** (...) todo o que **relembra**”, 74.

“Camiño adiante, dáse a **enguedellar** devociós”, 31.

“E non hai que **esquecer** (...) que Calloc’h (...) dixo que os celtas son o pobo de Cristo”, 14.

“Tamén hai que **faguer** conta de que o emprego do castelán na cantiga (...) ten unha chisca de retranca”, 42.

“Eles fan e desfán e con eles hai que **falar**”, 39.

“Todo parece dar por bo que a copla emerxeu milagreiramente cando (...) escomenzóu a **frolecer** a nosa roseira lingüística”, 11.

“Non se deixa **impor** por sotilezas fuscas de conceutos”, 75.

“¿Qué non teremos de **laiar** nos nosos días perante d—este bater enxordador (...)?”, 75.

“E o pintasilgo faroleiro peiteándose na fontela (...) cheo de garbo e fachenda, (...), como si fora a **levar** o estandarte na procesión”, 66.

“A nosa copla (...) debéu de **nacer** nos beizos d—unha nai gallega”, 20.

“E tamén debéu **pasar** a Portugal”, 18.

“Mira para a naiçña c—o desvaimento da inocenza, enruga os beiciños de rosa e agacha a cariña contra o peito morno como si tivera medo, para tornar axiña a **patelexar**”, 54.

“Con todo, esa laboura de rebusca e buceo teremos de **poñela** en encomenda dos que con lecer (...) as leven ó forno depurador d—un axustado esamen crítico”, 17.

“Moi de ter en conta e pór en estúdeo é o que fai ó rastro e sulco que n—elas deixaron os vellos romances”, 17.

“Os que queiran profundar na sicoloxía das xentes do agro terán de pór man a unha laboura de colleita das cantigas”, 31.

“¡Xudío! ¡Malhome! ¡Hante prender pol—a barba! ”, 18.

“Moitos dos que escoldrinaron o orixe dos sons musicaes (...) foron a recadar a partida de nacemento na Grecia”, 11.

“Os loitadores na retesía poden ser moitos”, 16.

“Jacarandaina que ten de ser o chiquirindaina d—este cantar”, 56.

“Si deixásemos morrer a copla (...) esgotaríase a máis nidia, abondosa e cristafiña fonte da fala e deixaríamos de ser gallegos”, 76.

“Compostela debéu sere (7) a cibdade na que se axeitaron e trabaron as cancións relixiosas”, 11.

“¿Por qué roteiro o nome de Ana Bolena (...) chegaría a sinificar na nosa língoa unha muller enredadora (...)”? ”, 53.

“Todo parece dar por bo que a copla emerxeu milagreiramente cando a nosa fala rompéu a tatexar as primeiras verbas do novo ‘sermo vulgaris’ ”, 11.

“Recolléu e sixilóu as cantigas de amigo e as lindosas bailadas e rompéu a tecer a copla”, 14.

“¿Quén escoitará sin sentir o aletexo da emoción estas cantigas roscidas pol—as bágoas máis nidias e doces que poden tembrar en ollos humanos? ”, 55.

“Si deixáramos morrer a copla —nin en soñación hai que temelo— esgotaríase a máis nidia, abondosa e cristafiña fonte da fala”, 76.

“Moi de ter en conta e pór en estúdeo é o que fai ó rastro e sulco que n—elas deixaron os vellos romances”, 17.

“É de ter en aprecio que (...) son moitas as coplas que amainaron as intencións”, 19.

“O cantor nunca alcanza a decidir, tendo que vencellarse a verbas e soídos, todo o que relembra”, 74.

(7) Único caso de -e paragóxico nun infinitivo.